

CONVOCATORIA CONCURSO VÍDEOS "MÓVETE POLOS ODS" DA REDE GALEGA DE COOPERACIÓN UNIVERSITARIA PARA O DESENVOLVEMENTO

A Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), convoca a cuarta edición do Concurso de vídeos "**Móvetete polos ODS**", co obxectivo de dar a coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de Nacións Unidas e sensibilizar á comunidade universitaria, e á sociedade en xeral, sobre a importancia de que todas as persoas formemos parte da solución aos grandes retos mundiais sobre a desigualdade, o cambio climático, a perda da biodiversidade, etc...

O dito Concurso está aberto a vídeos de 1 min. de duración máxima, en formato mp4, coa temática de como se pode contribuír individualmente á consecución dalgunha das 169 metas nas que se materializan estes obxectivos.

A Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento está conformada polas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, grazas ao financiamento da Xunta de Galicia, sendo o seu principal obxectivo fortalecer a posición das tres universidades de Galicia como axentes de cooperación.

Durante o bienio 24-25 a coordinación das accións derivadas do Convenio da RGCUD depende da Universidade da Coruña.

BASES

1. Participantes.

Poderán presentarse ao certame de maneira individual ou en grupo, todo o alumnado matriculado nas universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña no curso 2024-25.

Poderá participar calquera alumno/a maior de 18 anos ou, en caso de ser menor de idade, deberá enviar mediante correo electrónico a autorización asinada do pai, nai ou titor legal, acompañada pola fotocopia do DNI ou documento de identificación correspondente do representante legal e do menor.

As universidades integrantes da RGCUD resérvanse o dereito de poder esixir ás persoas seleccionadas os documentos que estimen necesarios para garantir a súa vinculación con cada unha das tres universidades.

2. Temática.

Este concurso pretende convidar ás persoas participantes a mobilizarse e comprometerse fronte aos grandes retos mundiais actuais como son o cambio climático, as desigualdades sociais e de xénero, a perda da biodiversidade, a escaseza de auga, entre outros.

A temática terá unha relación directa coa contribución individual ou de cada organización á Axenda 2030 e ós seus obxectivos. Para iso, cada participante dará a

Código Seguro De Verificación	/Orom6ETw1NwXKSsHT99Yw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	17/09/2024 11:23:57
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//Orom6ETw1NwXKSsHT99Yw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e exporá algún compromiso concreto respecto á contribución aos ODS que elixa.

Premiarase a **creatividade, a innovación e o impacto dos vídeos**, e estes non poder ter gañado ou recibido ningún outro premio ou mención noutros concursos.

3. Requisitos técnicos.

O vídeo debe durar 1 minuto como máximo. Pode ser en color ou en branco e negro. Resolución: 1280x720p aínda que a ideal é 1920x1080p.

No caso de que nos vídeos saia algunha persoa que poida ser recoñecida, deberán acompañarse das correspondentes autorizacións para a cesión da imaxe, e no caso de ser menores, a autorización deberá estar asinada polo pai/nai ou titor legal.

Nos vídeos non poderán aparecer mensaxes comerciais, marcas rexistradas, logotipos de produtos recoñecibles ou contidos que fomenten actividades ilegais, perigosas, que inciten á violencia ou ao odio ou que poidan provocar danos físicos graves ou a morte. A organización do concurso resérvase o dereito de desqualificar aos vídeos que incumpran este criterio.

As persoas participantes aceptan asumir as indemnizacións que puideran derivarse pola presentación de calquera reclamación de terceiros polo contido do vídeo que infrinxa a normativa de marcas e patentes.

A organización resérvase o dereito de comprobar a veracidade dos traballos finalistas.

4. Solicitudes.

Unha vez realizado o vídeo, deberá enviarse o anexo I pola **sede electrónica da Universidade da Coruña** (coordinadora durante o bienio 24-25 do convenio da RGCUD): <https://sede.udc.gal/> dirixido á Vicerreitoría con competencias en Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (**Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** no momento da publicación da convocatoria).

O vídeo será enviado, xunto co anexo I, á dirección de correo electrónico: **ocv@udc.es**. Tamén se poderá enviar a documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou norma que o substitúa. Neste caso, será obrigatorio enviar tamén toda a documentación (anexo I e vídeo) a través do correo electrónico: **ocv@udc.es**

A solicitude presentarse no modelo xenérico da Universidade aportando a seguinte información:

Asunto: **Concurso "MÓVETE POLOS ODS" DA REDE GALEGA DE COOPERACIÓN UNIVERSITARIA PARA O DESENVOLVEMENTO:**

1. Título do vídeo.
2. Breve explicación do vídeo con referencia aos ODS da axenda 2030 abordados.

Código Seguro De Verificación	/Orom6ETw1NwXKSsHT99Yw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	17/09/2024 11:23:57
Observacións		Páxina	2/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//Orom6ETw1NwXKSsHT99Yw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



3. Datos da persoa participante:

- Nome da persoa participante
- Universidade de procedencia
- Dirección de correo electrónico
- Teléfono de contacto
- Nº de conta bancaria para o pagamento (no caso de tratarse dun grupo, deberán achegar un documento asinado por todas as persoas que o integran onde manifesten a conformidade de que, no caso de resultaren premiados/as, se lles aboe nesa conta o importe do premio).

Poderanse presentar ate un máximo de 3 vídeos por persoa ou grupo de persoas. Unha mesma persoa só poderá estar na autoría dun máximo de 3 vídeos. Cada vídeo deberá levar un breve título e a súa explicación e poderanse achegar no mesmo correo electrónico.

5. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto dende o día seguinte á publicación desta convocatoria ate as 23:59h do 8 de outubro de 2024.

Máis información en:

- ocv@udc.gal
- sepiu.santiago@usc.gal
- direc.equidade@uvigo.gal

6. Premios.

Para a dotación desta convocatoria foi retida a contía de 1.500€ na partida 2024-0801-422D-6400008 da Universidade da Coruña, coordinadora durante o bienio 24-25 do convenio da RGCUD financiado pola Xunta de Galicia.

Unha vez recibidos todos os vídeos, o día 17 de outubro a organización subirá a YouTube, ou outra plataforma que a organización considere e que será comunicada aos participantes, aqueles vídeos que cumpran coas condicións das presentes bases.

A organización publicará na web da RGCUD e nas webs das universidades participantes a data de finalización da votación na plataforma. Os tres vídeos gañadores serán aqueles que nesa data tiveran máis *likes* na plataforma eleixida pola organización (non se terán en conta o número de interaccións, senón os *likes* únicos).

Se por causas alleas á organización fose preciso aprazar ou modificar a duración do concurso, ou anular o mesmo, este feito notificarase ás persoas participantes a través do correo electrónico, sen que dea lugar a ningún tipo de reclamación neste sentido.

Os premios para os vídeos máis votados na plataforma indicada pola organización consistirán nunha dotación económica de:

- **1º Premio ao vídeo máis votado: 550 €**
- **2º Premio ao segundo vídeo máis votado: 350 €**
- **3º Premio ao terceiro vídeo máis votado: 200 €**
- **Premio á innovación: 400 €**

Código Seguro De Verificación	/Orom6ETw1NwXKSsHT99Yw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas		Asinado	17/09/2024 11:23:57
Observacións			Páxina	3/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//Orom6ETw1NwXKSsHT99Yw==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Os premios están suxeitos á normativa que rexe os impostos das persoas físicas. Se o xurado o estimara convinte, poderá deixar algún dos premios desertos.

Haberá un **premio á innovación** outorgado por un xurado, cunha dotación económica de 400 € que abrangue todas as categorías.

No caso de que o premio á innovación recaia sobre un dos premios gañadores por votación na plataforma escollida pola organización, a contía sumarase ao importe dos premios dos vídeos gañadores por *likes*.

O premio á innovación terá en conta os seguintes criterios:

- Axuste á temática do concurso
- Contextualización dos ODS da Axenda 2030 nos contidos do vídeo
- Presentación innovadora
- Orixinalidade e creatividade
- Calidade técnica

Co obxecto de valorar estes aspectos, xunto co vídeo a persoa participante poderá incluír no apartado da explicación do vídeo, aspectos que permitan ao xurado puntuar estes criterios.

O fallo do xurado farase público e será comunicado á persoa que ostente a autoría do vídeo premiado.

7. Xurado.

O xurado estará formado polas/los Vicerreitores/as con competencias en materia de cooperación das tres universidades Galegas ou persoa na que deleguen.

O xurado resolverá todas as cuestións non reflectidas nesta convocatoria e que puidesen suscitarse. A súa decisión será firme e inapelable.

8. Dereitos sobre os vídeos enviados.

Unha vez enviados, as persoas participantes aceptan que se publiquen ou se utilicen para a difusión en redes sociais, publicacións corporativas, etc.

Os vídeos premiados pasarán a ser propiedade da RGCUD, reservándose esta o dereito a editalos nas súas publicacións ou a expoñelos a través da súa web ou das webs das universidades integrantes, facendo sempre mención ao nome da autora ou do autor.

A participación nun concurso desta natureza supón a aceptación das normas das redes sociais nas que se difunde.

9. Protección de datos persoais

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPDP), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a súa concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal. A finalidade do tratamento destes datos

Código Seguro De Verificación	/Orom6ETw1NwXKSsHT99Yw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	17/09/2024 11:23:57
Observacións		Páxina	4/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//Orom6ETw1NwXKSsHT99Yw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Universidade de Vigo



persoais é xestionar a convocatoria do Concurso de vídeos “Móvetes polos ODS” da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento. Todas as persoas que tiveren acceso a estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos, na resolución correspondente, no taboleiro de anuncios da OCV e nos seguintes enderezos web: www.udc.gal/ocv; <https://sede.udc.gal/>, na forma prevista na disposición adicional 7.ª da LOPD. Os datos mencionados trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria, e conservaranse debidamente bloqueados para os efectos da posible esixencia de responsabilidades legais.

O titular dos datos persoais consente o tratamento dos mesmos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria e poderá exercer, en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento e portabilidade dos seus datos ao responsable do tratamento, solicitándoo a través da seguinte ligazón: https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/.

Tamén pode remitir unha solicitude ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, á que se lle xuntará a fotocopia do seu documento de identidade. Así mesmo, poderá dirixir esta solicitude directamente ao delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Igualmente, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Ana Isabel Ares Pernas
Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Código Seguro De Verificación	/Orom6ETw1NwXKSsHT99Yw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas		Asinado	17/09/2024 11:23:57
Observacións			Páxina	5/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//Orom6ETw1NwXKSsHT99Yw==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



ANEXO I

Concurso "MÓVETE POLOS ODS" DA REDE GALEGA DE COOPERACIÓN UNIVERSITARIA PARA O DESENVOLVEMENTO:

NOME	
APELIDOS	
DNI	
TELÉFONO	
EMAIL	
UNIVERSIDADE NA QUE ESTÁ MATRICULADO	
INTEGRANTES DO GRUPO (indica a continuación o nome, DNI e correo electrónico das persoas que compoñen o equipo)	
Título do vídeo	
Breve explicación do vídeo con referencia aos ODS da axenda 2030 abordados	
Identifícanse persoas no teu vídeo. Achega tamén as súas autorizacións	
Desexo estar informado/a sobre as actividades organizadas polas tres universidades galegas en materia de cooperación	

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO. VICERREITORÍA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL.

Código Seguro De Verificación	/Orom6ETw1NwXKSsHT99Yw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	17/09/2024 11:23:57
Observacións		Páxina	6/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//Orom6ETw1NwXKSsHT99Yw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

